



**LABBARBANZA**  
EMPRENDO EN REDE



Plan de  
Emprego Local  
2016-2019

**PEL**

REDE  
PROVINCIAL DE  
**ESPAZOS  
DE TRABALO**



1ª CONVOCATORIA

PROGRAMA DE FORMACIÓN E ACELERACIÓN EMPRESARIAL

LAB BARBANZA

- BASES DO PROGRAMA -



## ÍNDICE

|     |  |    |
|-----|--|----|
| 1   | INTRODUCCIÓN .....                               | 3  |
| 2   | A QUEN VAI DIRIXIDO.....                         | 4  |
| 3   | REQUISITOS PARA PARTICIPAR .....                 | 5  |
| 4   | ESTRUTURA DO PROGRAMA .....                      | 5  |
| 4.1 | INSCRICIÓN.....                                  | 6  |
| 4.2 | AVALIACIÓN E SELECCIÓN DE PARTICIPANTES.....     | 6  |
| 4.3 | ESTRUTURA E FUNCIONAMENTO DO SERVIZO.....        | 7  |
| 5   | COMPROMISO DOS PARTICIPANTES SELECCIONADOS ..... | 10 |
| 6   | CRITERIOS DE VALORACIÓN .....                    | 11 |
| 7   | DATAS PRINCIPAIS .....                           | 11 |
| 8   | PROTECCIÓN DE DATOS E CONFIDENCIALIDADE .....    | 12 |
| 9   | ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN.....  | 13 |
| 10  | MISCELÁNEA.....                                  | 13 |
| 11  | GLOSARIO DE TERMOS.....                          | 14 |
| 12  | CONTACTO.....                                    | 15 |

Podes acceder ao Programa de Formación – Aceleración LAB BARBANZA inscribíndote a través deste [formulario](#)



## 1 INTRODUCCIÓN

---

O Concello de Boiro pon en marcha o PROGRAMA DE FORMACIÓN – ACELERACIÓN EMPRENDE LAB BARBANZA para dinamizar e apoiar o lanzamento e crecemento de proxectos empresariais da Comarca do Barbanza.

Os proxectos que formen parte do Programa recibirán un conxunto de servizos, que se detallan nas presentes bases, orientados a favorecer o seu crecemento, maduración e desenvolvemento do modelo de negocio.

Para ser seleccionados como participantes, os candidatos deberán realizar a solicitude por medio do formulario web dispoñible en [www.labbarbanza.gal](http://www.labbarbanza.gal)

Os participantes terán acceso a:

- Talleres de formación de carácter teórico-práctico, cada un deles deseñado para capacitar dunha maneira intensiva, inspirándose na metodoloxía boot-camp, identificando as dificultades, propoñendo estratexias para superalas e aportando ferramentas concretas para poñelas na práctica.
- Sesións de mentoring individuais, que se combinarán cos coñecementos e ferramentas adquiridas nos talleres formativos, para aliñar e correlacionar as competencias cos entregables a elaborar.

As actividades desenvólvanse no **Centro de Formación e Viveiro de Empresas (Polígono Industrial de Espiñeira, Parcela número 20, 15930 Boiro)**.

### OBXECTIVOS

O obxectivo xeral do PROGRAMA DE FORMACIÓN – ACELERACIÓN EMPRENDE LAB BARBANZA é impulsar e fortalecer o actual ecosistema emprendedor da Comarca do Barbanza, favorecendo o establecemento e permanencia no Espazo de Traballo Colaborativo (Coworking) de Boiro, pertencente á Rede Provincial de Centros de Traballo Colaborativo, de novas empresas baseadas no talento, a innovación e o rápido crecemento, preferentemente en ámbitos como a cultura, as novas tecnoloxías, a rexeneración urbana, o benestar e servizos ás persoas, o sector audiovisual, o sector turismo, a investigación e iniciativas que formen parte da economía social.



Como obxectivos específicos do Programa, establécense os seguintes:

- Fomentar o emprendemento e o autoemprego na Comarca do Barbanza.
- Dinamizar o tecido empresarial da Comarca do Barbanza coa posta en marcha dun espazo de coworking a disposición de novos proxectos emprendedores.
- Converter o espazo de coworking nun laboratorio de emprendedores no que se desenvolvan proxectos empresariais, acompañándoos para saír ao mercado dunha maneira máis sostible.
- Dotar aos emprendedores dos coñecementos, competencias e habilidades necesarias para dirixir e encamiñar ao éxito os seus proxectos empresariais.
- Ofrecer aos emprendedores as técnicas necesarias que lles permitan enfrontarse aos axentes do mercado (inversores, institucións financeiras) e conseguir con eles os recursos financeiros necesarios para a posta en marcha e/ou crecemento dos seus negocios.
- Traballar especificamente programas de avance da xestión empresarial en sectores estratéxicos para a comarca.

Para iso, o Concello de Boiro ofrece un programa de formación e aceleración aos proxectos seleccionados, que ao longo de 3 meses recibirán os servizos especificados no apartado “4.3 ESTRUCTURA E ESTRUCTURA E FUNCIONAMIENTO DO SERVIZO”.

## 2 A QUEN VAI DIRIXIDO

---

A aceleradora LAB BARBANZA acollerá 20 proxectos na Fase inicial de Formación e Mentoring, dos que 10 pasarán á Fase de Aceleración.

Os proxectos que entren a formar parte do Programa, independentemente do seu grao de maduración, terán indefectiblemente carácter innovador e suficiente viabilidade técnica e económica. Non é imprescindible que os participantes estean constituídos como empresa ni dados de alta no Réxime de Autónomos.

Os participantes seleccionados recibirán un itinerario de Formación necesario para dirixir e encamiñar ao éxito os seus proxectos empresariais, así como un proceso de Mentoring individual especializado, para apoialos no seu lanzamento / crecemento.



Resulta importante que os proxectos:

- 1) Teñan necesidade de apoio nalgunha área específica.
- 2) O equipo humano estea comprometido co proxecto e con ilusión e capacidade de sacalo adiante.
- 3) Coñezan o sector ao cal se queren dirixir e teñan detectada unha necesidade de mercado que queren cubrir co seu proxecto.

### 3 REQUISITOS PARA PARTICIPAR

---

A inscrición no Programa é totalmente gratuíta, e a adquisición da condición de Participante require do cumprimento de todos os requisitos contidos nestas Bases.

Poderán participar no presente Programa as persoas físicas ou xurídicas que cumpran os seguintes requisitos:

- Ser maior de idade e ter plena capacidade de obrar.
- Ter formalizado totalmente a [inscrición no Programa](#), cumprimentando todos os datos requiridos en tempo e forma.
- Ter presentado unha sola solicitude a esta convocatoria do Programa, non podendo presentarse a mesma persoa con 2 proxectos diferentes nunha mesma convocatoria.

Os datos que se faciliten ao rexistrarse no Programa deberán ser veraces, polo que perderán toda opción a participar no Programa e a recibir servizo algún as persoas cuxos datos sexan incorrectos ou incompletos.

O Concello de Boiro reservase o dereito de eliminar, sen previo aviso, a todos aqueles participantes que manifesten, mediante actos ou omisións, un comportamento fraudulento, abusivo ou contrario á lei, a dereitos de terceiros e/ou á boa fe, así como poderá eliminar a aqueles participantes que realicen accións fraudulentas destinadas a obter unha maior puntuación ou a alterar de calquera modo os resultados do Programa, xa sexa ao seu propio favor ou no.

### 4 ESTRUCTURA DO PROGRAMA

---

A convocatoria especificada nas presentes Bases seguirá o esquema de funcionamento que se describe a continuación:



## 4.1 INSCRIPCIÓN

A inscripción no PROGRAMA DE FORMACIÓN – ACELERACIÓN EMPRENDE LAB BARBANZA debe realizarse a través do [formulario Web](#) habilitado especificamente para iso.

Nel solicítase a información necesaria para a avaliación do proxecto especificando cal é obrigatoria e cal opcional.

Finalizada a cumprimentación do formulario e enviada remitírase un correo electrónico como confirmación de recepción da inscripción.

Só se avaliarán as solicitudes que foran enviadas dentro do período de solicitude, non sendo admitidas as recibidas fóra deste período.

## 4.2 AVALIACIÓN E SELECCIÓN DE PARTICIPANTES

Con todos os proxectos recibidos durante o prazo de inscripción, o equipo técnico avaliador, formado por membros do Concello, do comité promotor e expertos en diferentes áreas, procederá á avaliación das candidaturas.

A documentación presentada polos emprendedores na inscripción do seu proxecto será a principal fonte de información para a avaliación por parte do equipo técnico, polo que se recomenda que conteña información axustada aos criterios de valoración explicados no apartado 6.

Durante este período é posible que se soliciten máis detalles sobre diversos aspectos a aqueles equipos que sexan potencialmente elixibles, pero deixaran elementos pobremente definidos o confusos no formulario de inscripción.

Os proxectos serán clasificados e puntuados atendendo aos Criterios de Valoración especificados no punto “6. CRITERIOS DE VALORACIÓN” das presentes bases.

Os 20 proxectos con mellor puntuación terán a consideración de Preseleccionados. Membros do equipo de xestión comunicáranse coa persoa de contacto de cada proxecto para confirmar o seu interese en participar no Programa nos termos incluídos nas presentes bases.

O medio de contacto será telefónico e/ou por correo electrónico, utilizando os datos que se indicaran no formulario de solicitude como medio de contacto. En caso de que o equipo de xestión no recibira resposta nas 48 horas seguintes ao inicio da comunicación, procedérase a chamar ao seguinte mellor puntuado da lista sen que exista posibilidade de volver a retomar a condición de Preseleccionado e optar á participación no Programa.



O participante Preseleccionado adquirirá o status de Seleccionado no momento de aceptar a súa condición mediante o envío dun correo electrónico á dirección [info@labbarbanza.gal](mailto:info@labbarbanza.gal) ou respondendo á dirección de correo electrónico a través da cal o equipo xestor do programa se puxera en contacto con el, asumindo os dereitos e obrigacións que esta aceptación supón en relación coa participación no PROGRAMA DE FORMACIÓN – ACELERACIÓN EMPRENDE LAB BARBANZA nos 3 días laborables seguintes á recepción da resolución.

### 4.3 ESTRUCTURA E FUNCIONAMIENTO DO SERVIZO

Os proxectos seleccionados como participantes do PROGRAMA DE FORMACIÓN – ACELERACIÓN EMPRENDE LAB BARBANZA recibirán:

#### FASE 1: Formación e Asesoramento: 20 proxectos

- **Emprenday:** xornada de arranque do Programa, na que se presentará de forma detallada a estrutura do mesmo, contando ademais con varias actividades de interese para os participantes: *charla de carácter inspiracional da man dun Keynote speaker de referencia, networking, mesa redonda.*
- Estancia máxima de 12 meses no **Espazo de Traballo Colaborativo (Coworking) de Boiro**, pertencente á Rede Provincial de Centros de Traballo Colaborativo, no que contarán **cun posto de traballo**, dotado co necesario para o desenvolvemento da súa actividade:
  - Mobiliario de oficina (mesas, cadeiras e armarios con chave)
  - Conexión WiFi de alta velocidade
  - Salas específicas de formación, charlas e presentacións
  - Sala de reunións dotadas con equipo multimedia, con capacidade para 8 – 10 persoas
  - Acceso a fotocopiadora, encadernadora e mobiliario específico.
  - Área de descanso.
  - Servizo de limpeza diario.
- Completo **Plan de Formación** adaptado ás necesidades dos proxectos participantes (consultar o calendario de Talleres en [www.labbarbanza.gal](http://www.labbarbanza.gal) ).
- Proceso de **Asesoramento/Mentoring especializado e individualizado** que inclúe todas as fases necesarias para levalo adiante con éxito:



- Maduración, contraste e definición da idea
  - Modelo de Negocio
  - Plan de Empresa
  - Proposta de valor
  - Plan Innovación
  - Soporte legal
  - Plan de comunicación, estratexia de branding e lanzamento
  - Formación pragmática en contornos StartUp
  - Plan estratéxico de inversión e acceso a Rede de Inversores
- Posibilidade de establecer contactos coas empresas, emprendedores e inversores grazas a diferentes **actividades de Networking** organizadas en torno ao Programa.
  - Finalizado o primeiro período de Formación e Mentoring os equipos expoñerán o seu proxecto publicamente, nun evento denominado **Demoday**, onde estarán invitados empresarios, inversores e personalidades relevantes do ecosistema emprendedor, así como o equipo de xestión do Programa, que elixirán **os 10 proxectos que realicen a mellor presentación** e que **pasarán á Fase de Aceleración**.







## FASE 2: Aceleración: 10 proxectos

- Estancia durante 6 meses adicionais no **Espazo de Traballo Colaborativo (Coworking) de Boiro**.
- **Diagnóstico do estado do proxecto**, unha vez finalizada a Fase inicial de Formación e Asesoramento/Mentoring antes descrita, no que se identifican carencias, necesidades e aspectos concretos a mellorar durante a fase de Aceleración.
- Realización dun **Plan de Traballo** no que se marquen os obxectivos medibles a alcanzar ao finalizar a fase de Aceleración.
- Proceso de **Mentoring/Titorización** especializado e individualizado seguindo a **Metodoloxía de Aceleración** que inclúe: revisión e reaxuste (en caso necesario) de produtos e/ou servizos e identificación de segmentos específicos de clientes e recursos, incluídos capital e empregados.

Os servizos aquí descritos non terán coste algún para os emprendedores participantes, cos seguintes límites: o uso gratuíto da impresora será ata 100 copias por proxecto. O resto de infraestrutura necesaria (ordenadores, tablets, cargadores, regretas, comida/bebida, etc.) será aportada por cada equipo participante. Se fose necesario, o servizo descrito poderase modificar para adaptalo ás características e necesidades dos proxectos participantes, e sempre en pro do seu beneficio.

## 5 COMPROMISO DOS PARTICIPANTES SELECCIONADOS

Os proxectos seleccionados no Programa comprométense a acudir ao espazo de traballo e participar activamente nas actividades formativas e sesións de mentoring que conforman o PROGRAMA DE FORMACIÓN – ACELERACIÓN EMPRENDE LAB BARBANZA, como medio para alcanzar o maior aproveitamento do programa.

A reiterada ausencia ou falta de interese por parte do participante en ditas actividades, poderá levar á retirada da condición de seleccionado sen que deba



mediar indemnización algunha por parte do Concello de Boiro nin das empresas colaboradoras con el.

## 6 CRITERIOS DE VALORACIÓN

Cada candidatura a participar no PROGRAMA DE FORMACIÓN – ACELERACIÓN EMPRENDE LAB BARBANZA avaliarase de **0 a 100** puntos cunha puntuación máxima en cada un dos 4 bloques seguintes:

|  | Puntos    |
|--|-----------|
| <b>Criterios específicos</b>   | <b>40</b> |
| Idea de negocio con potencial de crecemento, estabilidade e retorno de investimento  | 20        |
| Viabilidade técnico/económica do proxecto  | 15        |
| Potencial de impacto económico para a Comarca do Barbanza  | 5         |
| <b>Criterios de valoración do equipo</b>   | <b>30</b> |
| Antecedentes, competencias e coñecementos do sector e industria ao que se dirixe o proxecto, que ten o equipo                          | 15        |
| Compromiso do equipo emprendedor para levar a cabo o proxecto e aproveitar o PROGRAMA DE FORMACIÓN – ACELERACIÓN EMPRENDE LAB BARBANZA | 15        |
| <b>Criterios de creatividade e innovación</b>  | <b>20</b> |
| Modelo de negocio, comercialización, innovación e diferenciación respecto á competencia actual   | 20        |
| <b>Criterios abertos nos obxectivos</b>  | <b>10</b> |
| Entrevista persoal   | 10        |



## 7 DATAS PRINCIPAIS

---

A primeira convocatoria do PROGRAMA DE FORMACIÓN – ACELERACIÓN EMPRENDE LAB BARBANZA, ten as seguintes datas principais \*:

- **Publicación da convocatoria:** O 2 de xullo de 2020 realizárase a presentación oficial da 1ª Convocatoria e habilitárase o formulario de solicitude.
- **Período de Recepción de candidatos:** Desde o 2 de xullo de 2020 ata o 18 de setembro de 2020 a las 23h59, poderanse presentar as candidaturas.
- **Período de avaliación:** Pechado o formulario de solicitude, do 18 de setembro de 2020 e ata o 22 de setembro de 2020 comezase a avaliación de proxectos e a comunicación dos Preseleccionados e Rexeitados.
- **Emprenday:** Os proxectos seleccionados iniciarán o seu proceso de Incubación e Aceleración a través do Emprenday, o 24 de setembro de 2020.
- **Proceso de Incubación (Fase 1) y Aceleración (Fase 2):** Desde o 28 de setembro de 2020 ata o 18 de decembro de 2020.
- **Demoday:** Os equipos participantes presentarán os seus proxectos ante un xurado composto por empresarios e inversores en novembro de 2020.

\*As datas son orientativas podendo variarse durante o proceso. Na páxina web [www.labbarbanza.gal](http://www.labbarbanza.gal), informárase puntualmente das datas das diferentes actividades.

## 8 PROTECCIÓN DE DATOS E CONFIDENCIALIDADE

---

De acordo co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos facilitados serán tratados coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos, nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ou tratamento e portabilidade dos seus datos, perante o



Concello de Boiro na Praza do Concello, s/n, 15930 Boiro (A Coruña), ou dirixindo un correo a [correo@boiro.gal](mailto:correo@boiro.gal)

Garántese a máxima confidencialidade do contido das solicitudes de participación presentadas para participar no PROGRAMA DE FORMACIÓN – ACELERACIÓN EMPRENDE LAB BARBANZA.

## 9 ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

---

Os participantes autorizan ao Concello de Boiro a invitar a prensa especializada e/ou xeral para cubrir as distintas actividades realizadas durante a realización do PROGRAMA DE FORMACIÓN – ACELERACIÓN EMPRENDE LAB BARBANZA.

Todos os candidatos, e en especial os seleccionados, autorizan ao Concello de Boiro a difundir e publicar a través de Internet e en medios de prensa especializada e/ou xeral a súa imaxe, nome, apelidos e cidade de residencia, así como referencias ao seu Proxecto.

A organización reservase o dereito a non proporcionar información ás solicitudes de participación non seleccionadas.

Así mesmo, no se responsabiliza de retrasos o calquera outra circunstancia imputable a terceiros que poida afectar á participación ou desenvolvemento da actuación.

Exclúe calquera responsabilidade por danos e prexuízos de toda natureza que poida deberse á falta temporal de dispoñibilidade ou de continuidade do funcionamento do sistema polo cal se pode solicitar a participación na actuación, así como nos retrasos en correos ou nas redes de telecomunicacións respecto a rexistros, envío de datos, entre outros.

## 10 MISCELÁNEA

---

- a) Para toda cuestión litixiosa que puidese dimanar do presente Programa, tanto o Concello de Boiro como os seleccionados e participantes na mesma, fan expresa renuncia a calquera foro que puidese corresponderlles, e expresamente sométense aos Xulgados e Tribunais correspondentes.



- b) O Concello de Boiro reservase a facultade de cancelar, suspender ou modificar as presentes Bases, así como a organización, e/ou xestión do presente Programa. En particular, se o Concello de Boiro detecta a existencia dalgún uso fraudulento, reservase o dereito a cancelar, suspender ou modificar algunha das presentes bases para corrixir este mal uso do Programa, en calquera momento do desenvolvemento da mesma.
- c) O Concello de Boiro reservase o dereito a anular o Programa en calquera momento por baixa participación ou por calquera outro motivo xustificado.
- d) Calquera discrepancia sobre a interpretación destas bases ou necesidade de regular situacións non contempladas nas mesmas corresponde de maneira única e inapelable ao Concello de Boiro.
- e) Os dereitos de propiedade industrial e intelectual sobre as propostas presentadas pertencen aos autores dos respectivos proxectos e os seus contidos. Non se poderán utilizar nin explotar os proxectos sen o consentimento explícito do autor do mesmo, coa seguinte excepción: os autores autorizan ao Concello de Boiro que publiquen información, textos, imaxes ou materiais sobre os referidos proxectos nos medios de difusión municipais.
- f) Todos os participantes na convocatoria comprométese a que os proxectos que se presenten sexan orixinais e que no infrinxan normas o dereitos de terceiros.

## 11 GLOSARIO DE TERMOS

---

- **Startup:** Termo utilizado para definir a aquelas empresas que se encontran nun estado inicial de maduración ou son de nova creación, e presentan grandes posibilidades de crecemento e escalabilidade a corto prazo.
- **Incubadora:** Organización responsable de darlle soporte aos negocios nos súas etapas iniciais de desenvolvemento.
- **Aceleradora:** Unha aceleradora de sementes ou aceleradora de startups é unha institución para impulsar startups mediante un programa baseado en convocatorias cun prazo de tempo estipulado. Estes programas inclúen mentorización, formación intensiva e titorización por parte da empresa.



- **Mentoring:** A mentoría é unha relación de desenvolvemento persoal na cal unha persoa máis experimentada ou con maior coñecemento axuda a outra menos experimentada ou con menor coñecemento. A persoa que recibe a mentoría chámase tradicionalmente como protexido, discípulo o aprendiz.
- **Networking:** Anglicismo empregado no mundo dos negocios para facer referencia a unha actividade socioeconómica na que profesionais e emprendedores reúnen para formar relacións empresariais, crear e desenvolver oportunidades de negocio, compartir información e buscar clientes potenciais.
- **Plan de Empresa:** É un documento formal dun conxunto de obxectivos empresariais, que se constitúe como unha fase de proxección e avaliación.

## 12 CONTACTO

---

Se despois de ter lido este documento tes dúbidas para a presentación da túa solicitude de participación no servizo, podes poñerte en contacto connosco en:

- Dirección: Praza do Concello, s/n, 15930 Boiro (A Coruña)
- Correo electrónico: [info@labbarbanza.gal](mailto:info@labbarbanza.gal)
- Web: [www.labbarbanza.gal](http://www.labbarbanza.gal)

Data de publicación: 2 de xullo de 2020



## ANEXO I

Declaración expresa da aceptación das presentes Bases do Programa:

D / Dona: \_\_\_\_\_

con D.N.I. / N.I.E. / PASAPORTE nº: \_\_\_\_\_

### DECLARA EXPRESAMENTE BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que coñece o Documento “Bases de Participación del Programa de Formación y Aceleración Empresarial LAB BARBANZA – 1ª Convocatoria”, publicado con data 2 de xullo de 2020 e todos os documentos que o integran, e que acéptao incondicional e expresamente.

Que como representante do equipo de traballo do Proxecto Empresarial \_\_\_\_\_, informa convenientemente do contido do Documento “Bases de Participación del Programa de Formación e Aceleración Empresarial LAB BARBANZA – 1ª Convocatoria” a todos os seus integrantes.

Para que así conste, asino a presente declaración en \_\_\_\_\_  
a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2020

(Lugar, data e sinatura do declarante)